



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O 31 DE MARZO DE 2022

ASISTENTES

Sr. Alcalde: JOSE MUIÑO DOMINGUEZ

Sres. Concelleiros: CARLOS ALLO CUNDINS (PP)
MARÍA ESMERALDA GERPE RODRÍGUEZ (PP)
SANDRA MÉNDEZ BLANCO (PP)
SHEILA RE CAREY VARELA (PP)
BEGOÑA TORRADO LEMA (PP)
JUAN RAMÓN VARELA MARTÍNEZ (GRUPO MIXTO-PSDEG-PSOE)
DAVID CANCELA GARCÍA (GRUPO MIXTO BNG)
PERFECTO VÁZQUEZ LEMA (GRUPO MIXTO UxC)

AUSENTES: SONIA SANDE LISTA
BORJA ANDRADE MONTES (PP)

SECRETARIA: MARTA VÁZQUEZ GAREA

INTERVENTORA: PATRICIA CHAS FILGUEIRAS

No salón de Plenos do concello de Cabana de Bergantiños, sendo as 20:00 horas **31 DE MARZO DE 2022** reúnese en sesión ordinaria o Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do alcalde, José Muíño Domínguez, membro do Grupo do PP e con asistencia dos concelleiros arriba indicados, para tratar dos asuntos que configuran a orde do día da presente sesión.

Dá fe do acto a Secretaria desta Corporación, Marta Vázquez Garea. Está tamén presente a interventora municipal, Patricia Chas Filgueiras.

Aberta a sesión pola Presidencia, a secretaria comproba a existencia do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada.

A continuación, procédese a coñecer dos seguintes asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1.- ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA, AFECTACIÓN Ó DOMINIO PÚBLICO DO INMOBLE DAS ANTIGUAS VIVENDAS DOS MESTRES PARA DESTINALO AO USO/SERVIZO SOCIAL (2022/C006/000002)

Pola Presidencia expónse a proposta que figura no expediente:

“En sesión plenaria ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2019 acordouse incoar o expediente da alteración da cualificación xurídica do inmovible con referencia catastral 15014A026001280000AL (antigas vivendas dos mestres) para outorgarlle o carácter de patrimonial, delimitado polo informe técnico municipal do 18/03/2019 do seguinte xeito:

Superficie da parcela: 12.963 m²

Superficie total construída: 605,34 m²

Lindeiros:

Norte: Albergue xuvenil (Equipamiento municipal)

Sur: Colexio público As Revoltas

Este: Vía pública

Oeste: Concello de Cabana de Bergantiños. (Paseo marítimo).

No BOP do 09/10/2019, publícase a aprobación definitiva pola cal estas vivendas se lles outorga o carácter de ben patrimonial.

Estas vivendas foron rehabilitadas e a proposta do Departamento de Servizos sociais vaise levar a cabo o procedemento de autorización das ditas vivendas para ocupación temporal, atendendo a fins sociais.

Dacordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, os poderes públicos teñen que apoiar e protexer ás familias de especial consideración e, en especial, aos menores de idade. Así mesmo, as administracións públicas favorecerán o acceso á vivenda a colectivos singulares, en particular colectivos sociais especialmente desfavorecidos, vulnerables ou en situación de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas maiores e persoas con discapacidade e/ou dependencia recoñecida.

Por todo isto, este Concello, no uso da potestade regulamentaria que lle confire o artigo 4.1a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), pretende afectar o uso destas vivendas a un uso social con carácter temporal, visto o informe de Secretaría no que se acredita a legalidade da alteración, **PROÑO AO PLENO:**

Primeiro: incoar o expediente da alteración da cualificación xurídica inmovible con referencia catastral 15014A026001280000AL, consecuentemente a integración no dominio público como ben de dominio público establecéndose a vinculación do mesmo ao uso/servizo social.

Segundo: someter a **información pública** durante o prazo dun mes mediante os correspondentes anuncios no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, neste período, o expediente, o cal estará a disposición dos interesados que poderán examinalo e presentar as alegacións oportunas.

No caso de existir alegacións e previos os informes pertinentes, o Alcalde someterá á aprobación definitiva a ditame da Comisión correspondente e acordo do Pleno da Corporación polo Pleno, que debe igualmente adoptarse por maioría absoluta.

De non existir alegacións a aprobación inicial converterase en aprobación definitiva facéndoo constar así no acordo e coa correspondente publicidade no BOP.”

Non habendo intervencións, sométese a aprobación a proposta a cal é aprobada pola unanimidade dos asistentes. **Así, o Pleno acorda:**

Primeiro: incoar o expediente da alteración da cualificación xurídica inmovible con referencia catastral 15014A026001280000AL, consecuentemente a integración no dominio público como ben de dominio público establecéndose a vinculación do mesmo ao uso/servizo social.

Segundo: someter a **información pública** durante o prazo dun mes mediante os correspondentes anuncios no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, neste período, o expediente, o cal estará a disposición dos interesados que poderán examinalo e presentar as alegacións oportunas.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

2.- ADHESIÓN AO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA” (2022/G006/000001)

Pola presidencia expónse a proposta:

“En data 10 de outubro de 2017 asínase entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP o protocolo xeral de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos doing business Galicia”.

O Concello de Cabana de Bergantiños está interesado en adherirse a este protocolo de actuación, ca finalidade de establecer un marco de colaboración e impulsar medidas que favorezan a implantación e fixación de empresas no termo municipal.

Por todo o exposto, é polo que PROPOÑO:

PRIMEIRO.- Manifestar a vontade de adhesión ao Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia, mediante a creación da iniciativa “Concellos doing business Galicia”.

SEGUNDO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado ca tramitación e xestión deste acordo e o correspondente expediente e notificar o presente acordo a FEGAMP.”

Continúa o alcalde dicindo que se solicitou unha axuda para a mellora da accesibilidade a polígonos industriais e que hai 11 puntos que so se obteñen se formas parte desta figura.

David Cancela: vin unha resolución solicitando subvención para un parque empresarial. É eso?

Alcalde: si. No suelo industrial, no vinculeiro.

David Cancela: ¿Solo Industrial, hai planos?

Alcalde: si, o único solo industrial agora mesmo. 9000 m2. Aí tes o plano (sinala cara o plano exposto no Salón de Plenos). No novo PXOM tamén é industrial.

Non habendo intervencións, sométese a aprobación a proposta a cal é aprobada pola unanimidade dos asistentes. **Así, o Pleno acorda:**

PRIMEIRO.- Manifestar a vontade de adhesión ao Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia, mediante a creación da iniciativa “Concellos doing business Galicia”.

SEGUNDO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado ca tramitación e xestión deste acordo e o correspondente expediente e notificar o presente acordo a FEGAMP.

3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE PISCINA (2021/X999/000144)

Polo alcalde expónse a proposta:

“Examinado o expediente tramitado para a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo da piscina municipal.

Visto o informe de Intervención, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente, segundo dispón o artigo 17.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo público da piscina municipal, en concreto os artigos 5 e 6:

“Artigo 5: Cota tributaria.

Establécense as seguintes tarifas, que se incrementarán co IVE correspondente:

Epígrafe 1. Abonados (anual):

TIPO DE ABONO	EMPADROA DOS	NON EMPADROA DOS
Individual (26-65 anos)	17,36 €	24,79 €
Familiar (titular, cónxuxe, fillos < 18 anos)	21,49 €	28,93 €
Xoven (< 26 anos)	14,46 €	19,84 €
3ª Idade e colectivos desfavorecidos e persoas con discapacidade recoñecida en grao superior ao 30%	14,46 €	19,84 €
Suplemento familiar (de 18 a 25 anos)	6,61 €	8,27 €

Epígrafe 2. Entrada libre: máx. 2 hora de utilización.

	2 HORAS
Entrada libre adulto piscina- ximnasio-sauna	4,13 €
Entrada libre infantil piscina < 16 anos	2,48 €
Bono 10 horas piscina-ximnasio- sauna	31,41 €

**No caso de bonos de entrada libre, só poderán ser utilizados nos 30 días seguintes aos da súa emisión*

Epígrafe 3. Cursos (mensual):



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

CURSO	ABONADOS	NON ABONADOS
<i>Natación nenos (4 a 15 anos- por cada sesión/semana)</i>	4,96 €	9,92 €
<i>Natación adultos (16 a 65 anos- por cada sesión/semana)</i>	6,61 €	13,22 €
<i>Natación bebés de 0 a 3 anos (por cada sesión/semana)</i>	8,27 €	14,05 €
<i>Preparac. Física específica (por cada sesión/semana)</i>	10,74 €	15,70 €
<i>Natación 3ª Idade (desde 65 anos- por cada sesión/semana)</i>	4,96 €	9,92 €
<i>Natación terapéutica (por cada sesión/semana)</i>	10,74 €	15,70 €
<i>Rehabilitación (por cada sesión/semana)</i>	10,74 €	15,70 €
<i>Pre/post-parto (por cada sesión/semana)</i>	10,74 €	15,70 €

Epígrafe 4. Outros servizos:

SERVIZO	ABOADOS	NON ABOADOS
<i>Sauna</i>	--	4,96 €
<i>Adestramento persoal ou atención individualizada</i>	19,84 €	24,79 €
<i>Masaxe parcial</i>	12,40 €	15,70 €
<i>Masaxe completo</i>	19,84 €	24,79 €
<i>Aluguer calle</i>	10,74 €	10,74 €
<i>Aluguer piscina completa/media xornada</i>	100,83 €	100,83 €
<i>Aluguer piscina completa/xornada completa</i>	201,65 €	201,65 €

Epígrafe 5. Convenios para utilización de asociacións, colexios e outras entidades:

1.- Os convenios estableceranse en función da solicitude e da poboación que atenden.

2.- No caso de convenios cos centros educativos, sempre deberá estar presente un responsable do grupo (profesor de educación física, preferentemente).

3.- Neste último caso, poderase establecer un período de 2 meses con máximo para cada etapa escolar (infantil, primaria e secundaria).

4.- Nestes casos o prezo pola utilización da piscina será de 2,71 €/persoa/mes sen monitor, e de 5,42 €/persoa/mes con monitor.

Epígrafe 6. Matrícula.

MATRÍCULA	ABONADOS	CURSILLISTA
Matrícula inicial Abonados e cursillistas	16,53 €	16,53 €

Todas as tarifas incrementaranse co IVE correspondente.”

Artigo 6.- Normas de aplicación das tarifas anteriores.

A condición de abonado adquirese tralo pagamento da cota tributaria correspondente. O abonado ten dereito á utilización da piscina e sauna, durante todo o horario de funcionamento da instalación.

Enténdese por abonado familiar o responsable da unidade familiar que pode incluír ó cónxuxe e fillos menores de 18 anos, e que fan uso das instalacións sen limitación horaria nin de días.

Enténdese por abonado da 3ª idade, unha persoa maior de 65 anos, ou menores de 65 que sexan pensionistas, e que fagan uso das instalacións da piscina municipal sen limitación horaria nin de días.

Enténdese por abonados con discapacidade aqueles que así o acrediten ca presentación do correspondente certificado do grao de discapacidade, en grao igual ou superior ao 33%.

Enténdese por colectivos desfavorecidos aqueles que así se determinen a través de informes polo departamento de Servizos Sociais do Concello.

A matrícula abonarase no caso da primeira alta do servizo que se produzan dende a entrada en vigor da presente modificación da tarifa. No caso de baixa, deberá volveuse a abonar a matrícula ao darse de alta nun momento posterior.

SEGUNDO.- Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 días, como mínimo, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.

CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.”

A continuación **sométese a consideración do Pleno unha emenda ao ditame da Comisión Informativa, co seguinte contido:**



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

EMENDA AO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS ECONÓMICOS DE DATA 28 DE MARZO DE 2022 RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE PISCINA.

En data 28 de marzo de 2022 a proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do servizo de piscina é sometida ao ditame da Comisión informativa de asuntos do Pleno.

Constatado erro en dúas cotas do epígrafe 1 en relación á proposta da concesionaria, onde figura no abono xoven e de 3ª idade o importe de 14,46 €, cando debe figurar 14,87 €.

Así, en virtude do art. 97.5 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propónse ao Pleno a seguinte emenda ao dictame da Comisión informativa de asuntos económicos:

Único.- Corrixir a proposta, que quedaría redactada do seguinte xeito:

“Examinado o expediente tramitado para a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo da piscina municipal,

Visto o informe de Intervención, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- *Aprobar provisionalmente, segundo dispón o artigo 17.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo público da piscina municipal, en concreto os artigos 5 e 6:*

“Artigo 5: Cota tributaria.

Establécense as seguintes tarifas, que se incrementarán co IVE correspondente:

Epígrafe 1. Abonados (anual):

TIPO DE ABONO	EMPADROADOS	NON EMPADROADOS
<i>Individual (26-65 anos)</i>	<i>17,36 €</i>	<i>24,79 €</i>
<i>Familiar (titular, cónxuxe, fillos < 18 anos)</i>	<i>21,49 €</i>	<i>28,93 €</i>
<i>Xoven (< 26 anos)</i>	<i>14,87 €</i>	<i>19,84 €</i>
<i>3ª Idade e colectivos desfavorecidos e persoas con discapacidade recoñecida en grao superior ao 30%</i>	<i>14,87 €</i>	<i>19,84 €</i>
<i>Suplemento familiar (de 18 a 25 anos)</i>	<i>6,61 €</i>	<i>8,27 €</i>

Epígrafe 2. Entrada libre: máx. 2 hora de utilización.

	2 HORAS
Entrada libre adulto piscina-ximnasio-sauna	4,13 €
Entrada libre infantil piscina < 16 anos	2,48 €
Bono 10 horas piscina-ximnasio-sauna	31,41 €

**No caso de bonos de entrada libre, só poderán ser utilizados nos 30 días seguintes aos da súa emisión*

Epígrafe 3. Cursos (mensual):

CURSO	ABONADOS	NON ABONADOS
Natación nenos (4 a 15 anos- por cada sesión/semana)	4,96 €	9,92 €
Natación adultos (16 a 65 anos- por cada sesión/semana)	6,61 €	13,22 €
Natación bebés de 0 a 3 anos (por cada sesión/semana)	8,27 €	14,05 €
Preparac. Física específica (por cada sesión/semana)	10,74 €	15,70 €
Natación 3ª Idade (desde 65 anos- por cada sesión/semana)	4,96 €	9,92 €
Natación terapéutica (por cada sesión/semana)	10,74 €	15,70 €
Rehabilitación (por cada sesión/semana)	10,74 €	15,70 €
Pre/post-parto (por cada sesión/semana)	10,74 €	15,70 €

Epígrafe 4. Outros servizos:

SERVIZO	ABOADOS	NON ABOADOS
Sauna	--	4,96 €
Adestramento persoal ou atención	19,84 €	24,79 €



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

<i>individualizada</i>		
<i>Masaxe parcial</i>	<i>12,40 €</i>	<i>15,70 €</i>
<i>Masaxe completo</i>	<i>19,84 €</i>	<i>24,79 €</i>
<i>Aluguer calle</i>	<i>10,74 €</i>	<i>10,74 €</i>
<i>Aluguer piscina completa/media xornada</i>	<i>100,83 €</i>	<i>100,83 €</i>
<i>Aluguer piscina completa/xornada completa</i>	<i>201,65 €</i>	<i>201,65 €</i>

Epígrafe 5. Convenios para utilización de asociacións, colexios e outras entidades:

- 1.- Os convenios estableceranse en función da solicitude e da poboación que atenden.
- 2.- No caso de convenios cos centros educativos, sempre deberá estar presente un responsable do grupo (profesor de educación física, preferentemente).
- 3.- Neste último caso, poderase establecer un período de 2 meses con máximo para cada etapa escolar (infantil, primaria e secundaria).
- 4.- Nestes casos o prezo pola utilización da piscina será de 2,71 €/persoa/mes sen monitor, e de 5,42 €/persoa/mes con monitor.

Epígrafe 6. Matrícula.

<i>MATRÍCULA</i>	<i>ABONADOS</i>	<i>CURSILLISTA</i>
<i>Matrícula inicial Abonados e cursillistas</i>	<i>16,53 €</i>	<i>16,53 €</i>

Todas as tarifas incrementaranse co IVE correspondente.

Artigo 6.- Normas de aplicación das tarifas anteriores.

- a) A condición de abonado adquirese tralo pagamento da cota tributaria correspondente. O abonado ten dereito á utilización da piscina e sauna, durante todo o horario de funcionamento da instalación.
- b) Enténdese por abonado familiar o responsable da unidade familiar que pode incluír ó cónxuxe e fillos menores de 18 anos, e que fan uso das instalacións sen limitación horaria nin de días.
- c) Enténdese por abonado da 3ª idade, unha persoa maior de 65 anos, ou menores de 65 que sexan pensionistas, e que fagan uso das instalacións da piscina municipal sen limitación horaria nin de días.
- d) Enténdese por abonados con discapacidade aqueles que así o acrediten ca presentación do correspondente certificado do grao de discapacidade, en grao igual ou superior ao 33%.
- e) Enténdese por colectivos desfavorecidos aqueles que así se determinen a través de informes polo departamento de Servizos Sociais do Concello.

f) A matrícula abonarase no caso da primeira alta do servizo que se produzan dende a entrada en vigor da presente modificación da tarifa. No caso de baixa, deberá volverse a abonar a matrícula ao darse de alta nun momento posterior.

SEGUNDO.- Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 días, como mínimo, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.

CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.”

O alcalde manifesta que se tentou evitar os picos nos pagos. Tamén se obriga a ter o carné de actividades e ponse matrícula.

Perfecto Vázquez: eso vaille beneficiar á empresa porque o concello perde os carnés. ¿A luz e o gasoil págao o concello?

Alcalde: si, ata agora o gasto eran entre 30.000 e 40.000 €. Das ganancias que presentan, un 5%.

David Cancela: ¿Durante o mes que pechan, agosto, págase a cota?

Alcalde: non.

Juan R. Varela: ¿está no contrato a subida? ¿Se o IPC fose negativo terían que baixar?

Patricia Chas, interventora municipal: se prevé como subida ordinaria. Si fuese negativo habría que estudiarlo. La última subida fue en 2017.

Sometida a consideración a enmenda do ditame da Comisión, esta é aprobada por maioría absoluta cos seguintes votos:

Votos a favor: PP (6) e Grupo Mixto (PSOE 1).

Abstencións: Grupo Mixto (BNG1, UxD1).

Así, o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente, segundo dispón o artigo 17.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo público da piscina municipal, en concreto os artigos 5 e 6:

“Artigo 5: Cota tributaria.

Establécense as seguintes tarifas, que se incrementarán co IVE correspondente:



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Epígrafe 1. Abonados (anual):

TIPO DE ABONO	EMPADROADOS	NON EMPADROADOS
Individual (26-65 anos)	17,36 €	24,79 €
Familiar (titular, cónxuxe, fillos < 18 anos)	21,49 €	28,93 €
Xoven (< 26 anos)	14,87 €	19,84 €
3ª Idade e colectivos desfavorecidos e persoas con discapacidade recoñecida en grao superior ao 30%	14,87 €	19,84 €
Suplemento familiar (de 18 a 25 anos)	6,61 €	8,27 €

Epígrafe 2. Entrada libre: máx. 2 hora de utilización.

	2 HORAS
Entrada libre adulto piscina-ximnasio-sauna	4,13 €
Entrada libre infantil piscina < 16 anos	2,48 €
Bono 10 horas piscina-ximnasio-sauna	31,41 €

*No caso de bonos de entrada libre, só poderán ser utilizados nos 30 días seguintes aos da súa emisión

Epígrafe 3. Cursos (mensual):

CURSO	ABONADOS	NON ABONADOS
Natación nenos (4 a 15 anos- por cada sesión/semana)	4,96 €	9,92 €
Natación adultos (16 a 65 anos- por cada sesión/semana)	6,61 €	13,22 €
Natación bebés de 0 a 3 anos (por cada sesión/semana)	8,27 €	14,05 €
Preparac. Física específica (por cada sesión/semana)	10,74 €	15,70 €

<i>Natación 3ª Idade (desde 65 anos- por cada sesión/semana)</i>	<i>4,96 €</i>	<i>9,92 €</i>
<i>Natación terapéutica (por cada sesión/semana)</i>	<i>10,74 €</i>	<i>15,70 €</i>
<i>Rehabilitación (por cada sesión/semana)</i>	<i>10,74 €</i>	<i>15,70 €</i>
<i>Pre/post-parto (por cada sesión/semana)</i>	<i>10,74 €</i>	<i>15,70 €</i>

Epígrafe 4. Outros servizos:

<i>SERVIZO</i>	<i>ABOADOS</i>	<i>NON ABOADOS</i>
<i>Sauna</i>	<i>--</i>	<i>4,96 €</i>
<i>Adestramento persoal ou atención individualizada</i>	<i>19,84 €</i>	<i>24,79 €</i>
<i>Masaxe parcial</i>	<i>12,40 €</i>	<i>15,70 €</i>
<i>Masaxe completo</i>	<i>19,84 €</i>	<i>24,79 €</i>
<i>Aluguer calle</i>	<i>10,74 €</i>	<i>10,74 €</i>
<i>Aluguer piscina completa/media xornada</i>	<i>100,83 €</i>	<i>100,83 €</i>
<i>Aluguer piscina completa/xornada completa</i>	<i>201,65 €</i>	<i>201,65 €</i>

Epígrafe 5. Convenios para utilización de asociacións, colexios e outras entidades:

- 1.- Os convenios estableceranse en función da solicitude e da poboación que atenden.
- 2.- No caso de convenios cos centros educativos, sempre deberá estar presente un responsable do grupo (profesor de educación física, preferentemente).
- 3.- Neste último caso, poderase establecer un período de 2 meses con máximo para cada etapa escolar (infantil, primaria e secundaria).
- 4.- Nestes casos o prezo pola utilización da piscina será de 2,71 €/persoa/mes sen monitor, e de 5,42 €/persoa/mes con monitor.

Epígrafe 6. Matrícula.

<i>MATRÍCULA</i>	<i>ABONADOS</i>	<i>CURSILLISTA</i>
<i>Matrícula inicial Abonados e cursillistas</i>	<i>16,53 €</i>	<i>16,53 €</i>

Todas as tarifas incrementaranse co IVE correspondente.

Artigo 6.- Normas de aplicación das tarifas anteriores.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

- g) A condición de abonado adquirese tralo pagamento da cota tributaria correspondente. O abonado ten dereito á utilización da piscina e sauna, durante todo o horario de funcionamento da instalación.*
- h) Enténdese por abonado familiar o responsable da unidade familiar que pode incluír ó cónxuxe e fillos menores de 18 anos, e que fan uso das instalacións sen limitación horaria nin de días.*
- i) Enténdese por abonado da 3ª idade, unha persoa maior de 65 anos, ou menores de 65 que sexan pensionistas, e que fagan uso das instalacións da piscina municipal sen limitación horaria nin de días.*
- j) Enténdese por abonados con discapacidade aqueles que así o acrediten ca presentación do correspondente certificado do grao de discapacidade, en grao igual ou superior ao 33%.*
- k) Enténdese por colectivos desfavorecidos aqueles que así se determinen a través de informes polo departamento de Servizos Sociais do Concello.*
- l) A matrícula abonarase no caso da primeira alta do servizo que se produzan dende a entrada en vigor da presente modificación da tarifa. No caso de baixa, deberá volveuse a abonar a matrícula ao darse de alta nun momento posterior.*

SEGUNDO.- Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 días, como mínimo, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.

CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.

4.- APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (2022/G015/000001)

O alcalde expón a proposta:

“Este Concello pretende regular mediante Ordenanza fiscal o Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, aprobando nova Ordenanza fiscal, que derroque a normativa anterior, e adaptar a regulación municipal as modificacións introducidas polo Real Decreto lei 26/2021, do 8 de novembro.

O artigo 15.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-, contempla expresamente a posibilidade respecto dos impostos previstos no artigo 59.1, de que os Concellos que decidan facer uso das facultades que lles confire esta lei en orde á fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias, deberán acordar o exercicio de tales facultades, e aprobar as oportunas ordenanzas fiscais.

Considerando que, co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango

reglamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, con carácter previo á elaboración da Ordenanza, substanciouse unha consulta pública previa para solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola mesma.

A presente proposta inclúe xa no artigo 5 relativo aos supostos de non suxeición a nova redacción dada ao artigo 104.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 pola Lei Orgánica 2/2022, do 21 de marzo, de mellora da protección das persoas orfas vítimas de violencia de xénero.

Visto o Informe conxunto emitido por Secretaría e Intervención que consta no expediente.

Á vista de todo o exposto, elévase ao Concello Pleno, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, cuxo texto é o seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

ARTIGO 1. Fundamento Legal

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como de conformidade co disposto no artigo 15, en concordancia co artigo 59.2, ambos os do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, que se reixerá pola presente Ordenanza fiscal, elaborada con arranxo ás normas xerais do imposto contempladas nos artigos 104 a 110 do citado Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

A presente Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana será de aplicación a todo o termo municipal.

ARTIGO 2. Natureza tributaria

O Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana é un tributo directo, de exacción potestativa nas administracións locais e que non ten carácter periódico.

ARTIGO 3. Feito Impoñible



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

*Constitúe o feito imposable deste imposto, o incremento **de valor** que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, a efectos do Imposto de Bens Inmóveis.*

Estará así mesmo suxeito a este imposto, o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóveis de características especiais (BICES) tamén a efectos do Imposto de Bens Inmóveis.

*O devandito incremento de valor nos terreos de natureza urbana **porase de manifesto** a consecuencia de:*

- A transmisión da propiedade dos terreos por calquera título.*
- A constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.*

As transmisións, cuxo incremento se puxo de manifesto nun período inferior a 1 ano, tamén se someten ao gravame deste imposto.

ARTIGO 4. Terreos de Natureza Urbana

Está suxeito ao imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a condición de urbanos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis, con independencia de que estean ou non contemplados como tales en Catastro ou no Padrón de aquel. Estará así mesmo suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos nos bens inmóveis clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

ARTIGO 5. Supostos de non Suxeición

1. Non está suxeito a este Imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

*2. Non se producirá a suxeición ao Imposto nos supostos de **achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ao seu favor e en pago delas verifíquense e transmisións que se fagan aos cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.***

*Tampouco se producirá a suxeición ao Imposto nos supostos de **transmisións de bens inmóveis entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de Sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal fora o réxime económico matrimonial.***

Así mesmo, non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmóveis a título lucrativo en beneficio das fillas, fillos, menores ou persoas con discapacidade suxeitas a patria potestade, tutela ou con medidas de apoio para o adecuado exercicio da súa capacidade xurídica, cuxo exercicio levará a cabo polas mulleres falecidas como consecuencia de violencia contra a muller, nos termos en que se defina pola lei ou polos instrumentos internacionais ratificados por España, cando estas transmisións lucrativas traian causa do referido falecemento.

3. Non se devindicará o imposto con ocasión das **achegas ou transmisións de bens inmobles efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A.** regulada na disposición adicional sétima da Lei 9/2012, de 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, que se lle transferiron, de acordo co establecido no artigo 48 do Real Decreto 1559/2012, de 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos.

Non se producirá o deveción do imposto con ocasión das **achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., a entidades participadas directa ou indirectamente pola devandita Sociedade** en polo menos o 50% do capital, fondos propios, resultados ou dereitos de voto da entidade participada no momento inmediatamente anterior á transmisión, ou como consecuencia da mesma.

Non se devindicará o imposto con ocasión das **achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., ou polas entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, aos fondos de activos bancarios**, a que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, de 14 de novembro.

Non se devindicará o imposto polas **achegas ou transmisións que se produzan entre os citados Fondos durante o período de tempo de mantemento da exposición do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria aos Fondos**, previsto no apartado 10 da devandita disposición adicional décima.

Na posterior transmisión dos inmobles entenderase que o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos non se interrompeu por causa da transmisión derivada das operacións previstas neste apartado.

4. Tampouco se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales **se constate a inexistencia de incremento de valor** por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para iso, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como achegar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, a estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 106 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que a estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovle no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo a estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de deveción do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmobles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de achegas ou transmisións de bens inmobles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 2 desta cláusula ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

ARTIGO 6. Exencións Obxectivas

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos actos seguintes:

a) A constitución e transmisión de calquera dereitos de servidume.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

b) As transmisións de bens que se atopan dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, ou sexan declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación nos devanditos inmobles.

Para estes efectos, as obras de conservación, mellora ou rehabilitación de inmobles deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Que as obras se efectuasen nos anos nos que se poña de manifesto no seu curso o incremento de valor, previa a obtención da correspondente licenza municipal e de conformidade cas normas reguladoras do réxime de protección desta clase de bens.*
- De conformidade co presuposto ou presupostos presentados para o efecto do outorgamento da licenza e que o importe total das obras cubra, como mínimo, o incremento de valor.*
- Que a solicitude de exención se presente dentro do prazo de declaración e se acompañe proba documental acreditativa do cumprimento das condicións sinaladas*

c) As transmisións realizadas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaía sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento deste requisito. No entanto, se con posterioridade se comprobare o contrario, procederase a virar a liquidación tributaria correspondente.

A estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela en a que figure empadroadado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se o devandito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. A estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente inscrita.

A concorrencia dos requisitos circunscríbese e acreditarase polo transmitente ante esta corporación conforme ao previsto no artigo 105.1 c) do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO 7. Exencións Subxectivas

Así mesmo, están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a obrigaón de satisfacer o devandito Imposto recaia sobre as seguintes persoas ou Entidades:

a) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais ás que pertenza o Municipio, así como os Organismos Autónomos do Estado e as Entidades de dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das devanditas Entidades Locais.

b) O Municipio da imposición e demais Entidades Locais integradas ou nas que se integre o devandito Municipio, así como as súas respectivas Entidades de dereito público de análogo carácter aos Organismos Autónomos do Estado.

c) As Institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.

d) As Entidades xestoras da Seguridade Social, e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.

e) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos ás mesmas.

f) A Cruz Vermella Española.

g) As persoas ou Entidades a cuxo favor se recoñeceu a exención en Tratados ou Convenios Internacionais.

ARTIGO 8. Suxeitos Pasivos

1. Terán a condición de suxeitos pasivos, en concepto de contribuínte:

a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a herdanza xacente, comunidade de bens e demais entidade que, carente de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, que adquira o terreo ou a cuxo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a herdanza xacente, comunidade de bens e demais entidade que, carente de personalidade xurídica, constitúa unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, que transmita o terreo, ou que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

Nestes supostos, cando o suxeito pasivo sexa unha persoa física non residente en España, será suxeito pasivo substituído a persoa física ou xurídica, ou a herdanza xacente, comunidade de bens e demais entidade que, carente de personalidade xurídica, que adquira o terreo ou a cuxo favor se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

ARTIGO 9. Base Impoñible

A base impoñible deste Imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do deveción e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos.

ARTIGO 10. Cálculo da base impoñible

1. A base impoñible deste imposto será o resultado de multiplicar o valor do terreo no momento do deveción polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme aos coeficientes previstos no 107.4 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

2. Para determinar o valor do terreo, nas operacións que grava o imposto, atenderase ás seguintes regras:

*a) **Nas transmisións de terreos, aínda sendo de natureza urbana ou integrados nun ben inmovible de características especiais:***



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

O valor do terreo no momento do deveción será o que teña determinado a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles.

Cando o valor do terreo no Imposto sobre Bens Inmóbeles sexa consecuencia dun relatorio de valores que non reflecta modificacións de plan aprobadas con posterioridade á aprobación do devandito relatorio, liquidarase provisionalmente co valor establecido nese momento e posteriormente farase unha liquidación definitiva co valor do terreo obtido tras o procedemento de valoración colectiva instruído, referido á data de deveción.

Cando o terreo non teña determinado valor catastral no momento do deveción, esta Entidade poderá liquidar o imposto cando o valor catastral sexa determinado, referindo o devandito valor ao momento do deveción.

Nas transmisións de inmóbeles nas que haxa solo e construción:

O valor do terreo no momento do deveción será o valor do solo que resulte de aplicar a proporción que represente sobre o valor catastral total.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio:

O valor do terreo no momento do deveción será o que represente o valor dos dereitos, calculado mediante as normas do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, sobre o valor do terreo a efectos de transmisións de terreos, é dicir, sobre o valor que teña determinado a efectos do Imposto de Bens Inmóbeles.

c) Na constitución ou transmisión do dereito a elevar plantas sobre un edificio ou terreo, ou o dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie:

O valor do terreo no momento do deveción será o que represente a proporcionalidade fixada na escritura de transmisión ou, na súa falta, o que resulte de establecer a proporción entre superficie de plantas ou subsolo e a totalidade da superficie unha vez construída, sobre o valor do terreo a efectos de transmisións de terreos, é dicir, sobre o valor que teña determinado a efectos do Imposto de Bens Inmóbeles.

d) En expropiacións forzosas:

O valor do terreo no momento do deveción será o menor, entre o que corresponda á porcentaxe de terreo sobre o importe do xustiprezo e o valor do terreo a efectos de transmisións de terreos, é dicir, sobre o valor que teña determinado a efectos do Imposto de Bens Inmóbeles.

3. Determinado o valor do terreo, aplicarase sobre o mesmo o coeficiente que corresponda ao período de xeración.

O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxeron de manifesto o devandito incremento, as que se xeren nun período superior a 20 anos entenderanse xeradas, en todo caso, aos 20 anos.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos sen ter en conta as fraccións de ano.

No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, se prorrateará o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei se indique outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, aos efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela en a que se produciu o anterior deveción do imposto.

O artigo 107.4 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece uns coeficientes máximos aplicables por período de xeración.

Sobre a base dos devanditos coeficientes máximos este concello dispón:

Aplicar os coeficientes máximos establecidos pola normativa estatal para cada período de xeración

Periodo de xeración	Coefficiente
<i>Inferior a 1 ano.</i>	<i>0,14</i>
<i>1 ano.</i>	<i>0,13</i>
<i>2 anos.</i>	<i>0,15</i>
<i>3 anos.</i>	<i>0,16</i>
<i>4 anos.</i>	<i>0,17</i>
<i>5 anos.</i>	<i>0,17</i>
<i>6 anos.</i>	<i>0,16</i>
<i>7 anos.</i>	<i>0,12</i>
<i>8 anos.</i>	<i>0,10</i>
<i>9 anos.</i>	<i>0,09</i>
<i>10 anos.</i>	<i>0,08</i>
<i>11 anos.</i>	<i>0,08</i>
<i>12 anos.</i>	<i>0,08</i>
<i>13 anos.</i>	<i>0,08</i>
<i>14 anos.</i>	<i>0,10</i>
<i>15 anos.</i>	<i>0,12</i>
<i>16 anos.</i>	<i>0,16</i>
<i>17 anos.</i>	<i>0,20</i>
<i>18 anos.</i>	<i>0,26</i>
<i>19 anos.</i>	<i>0,36</i>
<i>Igual ou superior a 20 anos.</i>	<i>0,45</i>

A estes efectos, os devanditos coeficientes actualizaranse de acordo coas variacións que sobre os mesmos realice a normativa estatal en cada exercicio.

Non obstante o anterior, dado que os coeficientes máximos serán actualizados anualmente mediante norma con rango legal, se como consecuencia da devandita actualización, algún dos coeficientes aprobados na presente ordenanza fiscal resultase superior ao novo máximo legal, aplicarase este directamente ata que entre en vigor a nova ordenanza fiscal que corrixa o devandito exceso.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

4. Cando o interesado constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada con arranxo ao método obxectivo, **deberá solicitar a esta administración** a aplicación do cálculo da base imponible **sobre datos reais**.

Para constatar os devanditos feitos, utilizaranse as regras de valoración recollidas no artigo 104.5 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO 11. Tipo de Gravame. Cota Íntegra e Cota Líquida

O tipo de gravame do imposto será o 26%.

A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, as bonificacións ás que se refire a presente Ordenanza.

ARTIGO 12. Bonificacións

Establécese unha bonificación do 95% da cota íntegra do Imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisión ou constitución de Dereitos Reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes.

ARTIGO 13. Devenio do Imposto

O Imposto devindícase:

a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuíto, ínter vivos ou mortis causa, na data da transmisión.

b) Cando se constituía ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

ARTIGO 14. Devolucións

